

Fundación Eugenio Granell

Granell e os seus personaxes preferidos



SALA 2

Catro anos separan a creación dos dous óleos: *Los trabajos de Venus* (1954) e *Los juegos de Venus* (1958). Estas formas carnosas e de forte suxestión sexual xorden antes de entrar na etapa dos cadros que Granell chamou *Paisaxes máxicas*.

O calcapapeis *La Venus de Velázquez* (1945) foi un dos primeiros obxectos atopados. Venus, o segundo planeta preto do sol, leva este nome en honra á deusa romana do amor e da beleza. Venus foi unha muller que inspirou a moitos creadores. Representa o amor, a beleza, a fertilidade, o sexo, a prosperidade, a vitoria, o desexo. A través do seu fillo Eneas, converteuse na nai de todos os romanos.

Non é estraño que esa figura de metal sobre un obxecto de cristal lle suxerise ao pintor a obra de Velázquez, *A Venus do espello*.

Los cuatrerros del rey Salomón é unha pintura da etapa das *Paisaxes máxicas*. Salomón foi o terceiro e último monarca do reino de Israel, antes da separación do territorio israelita nos reinos de Xudá e Israel. Reinou, aproximadamente, durante catro décadas, desde o 965 ao 928 a. C. A Biblia dinos que tiña moita sabedoría e riqueza. Conta tamén que posuía un grande harén que incluía a filla do faraón, que na súa vellez honrou a outros deuses e que, durante o seu longo reinado, se dedicou a proxectos de construción.

Non é de estrañar que a construción *Bodegón de Zurbarán* lle suxeriu a Granell os belísimos bodegóns deste artista tan especial e admirado.



Fundación EUGENIO GRANELL



6 outubro, 2022 - 2023

Fundación Eugenio Granell. Salas 2 e 3. Segunda planta

Praza do Toral, s/n, 15705 Santiago de Compostela www.fundacion-granell.gal



Deputación
DA CORUÑA

Outra construción honra a *Princesa de Éboli*, Ana de Mendoza de la Cerda y de Silva Cifuentes (1540-1592). Esta pertencía a unha familia moi poderosa e, aos 12 anos, casou con Rui Gómez de Silva, príncipe de Éboli (reino de Nápoles). Era unha muller de moitos talentos e de gran beleza. Non se sabe moi ben como perdeu o ollo dereito, o cal non lle restaba da súa beleza. Tivo dez fillos. Tamén tiña unha gran predilección polo luxo, de aí os colares nesta obra de Granell.

La coronación de Theotocopulos en el Salón de los Espejos. No título desta obra menciona o Greco. Non é de estrañar que esta obra pequena na que a figura representada se repite varias veces lle lembrese a Granell o coñecido Salón dos Espellos, no Palacio Real de Aranjuez.

Atlas de la Plaza del Toral. Encima do edificio no que agora está o Museo Granell, hai unha figura que se coñece como Atlas, o deus titán de resistencia e astronomía. Identifícaselle coas montañas Atlas no noroeste de África (hoxe en día Marrocos, Alxeria e Tunes). Cando Granell era neno e pasaba ante o edificio, cría que aquela figura levaba unha empanada sobre os seus ombreiros.

Homenaje al gran gallego Cela, Celita (Alfonso Cela, torero 1886-1932). Alfonso Cela, Celita, naceu en San Vicente de Carracedo, Lugo. Aprendeu o oficio de carnicero en Madrid, pero sentiuse atraído polas corridas de touros. Tivo a sorte de que o viu tourear o empresario taurino da praza grande e ofreceulle oportunidades.

Outro obxecto, un pousaculleres de metal cunha cruz na parte superior, converteuse para Granell nunha homenaxe a *Isabel a Católica*, 1987. Isabel I de Castela é unha das mulleres máis importantes na historia de España. Foi raíña de Castela (1474-1504) e raíña consorte de Sicilia (1469) e de Aragón desde 1479 polo seu matrimonio con Fernando de Aragón. Ela e o seu marido apoiaron a Cristóbal Colón na viaxe do descubrimento.

Bosquexo para *El encuentro de la serranilla con el Marqués de Santillana*. (Marqués de Santillana, Guadalaxara 1398-1458). Foi un militar e poeta do Prerrenacemento. Emparentou, entre outros, co gran poeta Jorge Manrique.

El artificio de Juanelo. Juanelo Turriano Cremos foi enxeñeiro e inventor hispano-milanés na Corte de Carlos I. É coñecido pola creación da máquina hidráulica, que construíu co propósito de abastecer de auga a cidade de Toledo e que permitiu que a auga do Teixo subise ata o Alcázar. No seu día, consideróuselle unha grande invención, aínda que non se chegou a saber como funcionaría.

El amor del poeta Macías. Macías foi un trovador galego do século XIV. Crese que era de Padrón e coñéceselle como o Namorado. Pertence á chamada escola galaico-castelá e as súas obras están recollidas no Cancioneiro de Baena.

SALA 3

Paolo Uccello suelta una paloma. Uccello foi un pintor e matemático italiano. Interesáballe o uso da perspectiva e, de feito, utilizábaa na súa arte. Tamén lle interesaban as pombas e a elegancia, o que se reflectía na súa obra.

Exerceu unha particular atracción para os surrealistas, especialmente o seu gran cadro *La batalla de San Romano* (1456). É de salientar a calidade do marabilloso que contén esta obra, como "os cabalos rosas ou verdes, cabaleiros acoirazados de ferros cuxos cascos e penachos crean seres de soños ou da apocalipse...". Uccello, segundo o surrealista José Pierre (moi amigo de Granell), "introdúcenos nunha atmosfera perfectamente onírica".

Creo tamén que no pequeno detalle no retrato de Granell, á dereita do cadro, pintado de cor rosada, unha parede cunha porta, mostra un claro uso da perspectiva, algo non coñecido en Granell.

Van Eyck retrata el matrimonio Arnolfini. Coñécese pouco deste artista. Unha das primeiras mencións é desde A Haia, unha das cidades dos Países Baixos. Arnolfini era un mercador adiñeirado e non é de estrañar que a Granell lle inspirase o título. Na obra de Van Eyck, Giovanna, a esposa de Arnolfini, está embarazada e viste un belísimo e elegante vestido verde. No medio e ao fondo, hai un espello redondo que puido ser outra inspiración para o título, dado que o azul na obra de Granell aparece tamén no centro.

La lapidación de Hypatia, filósofa. Hipatia foi unha desas mulleres excepcionais que Granell sempre admirou e respectou. Era unha filósofa, non soamente guapa, senón tamén dunha grande intelixencia. Ensinaba filosofía e astronomía na escola de Alexandría. A historia conta que Hipatia foi asasinada por dous fanáticos cristiáns que a acusaban de incitar a un serio conflito entre dous personaxes importantes de Alexandría, Orestes e o bispo Cyril de Alexandría.

Arnaldo de Vilanova funde el agua y el fuego de Sicilia. Granell, grande admirador de filósofos, réndelle unha belísima homenaxe a este filósofo de Valencia (1242-1311). Vilanova era tamén médico. Foi considerado o mellor médico do século XII, teólogo e reformista social. E tamén foi descrito como un médico e visionario catalán. (Biografías e vidas en Internet).

El regalo de Jonás. Jonás, cuxo nome en hebreo significa 'pomba', foi un profeta do Antigo Testamento e do Tanaj xudeu. Jonás tiña a misión de ir a Nínive para establecer "o límite de Israel, desde o punto de entrada de Hamat ata o mar de Arabá (o mar Morto)". Para evitar cumprir con esta misión, Jonás embarcou nunha nave que ía a Tarsis (España ou a Península Ibérica), moi lonxe de Nínive. Jonás quedou durmido na nave, que foi ameazada por ventos tempestuosos. Os mariñeiros pídenlle axuda e tamén que invoque o seu deus e, como non o fixo, os mariñeiros considerárono culpable dos danos que sufriron. Por isto, obríganos a lanzarse ao mar. Foi tragado por un gran peixe, no que viviu durante tres días e tres noites, para despois ser vomitado ao mar.

Homenaje a Flammarion. Camille Flammarion (1842-1925) foi un astrónomo francés, autor de 70 libros. A súa obra máis coñecida, *Astronomie populaire* (1878) fixo que a astronomía chegase ao público xeral da época.

O seu irmán, Ernest Flammarion (1846-1936) era un coñecido editor. O éxito inicial da súa editorial estivo baseado, precisamente, nesta famosa obra do seu irmán Camille, que se converteu no primeiro best-seller do século XIX.

Armida. Esta obra está baseada no poema do italiano Torquato Tasso sobre a feiticeira sarracena Armida, á que envían a deter os cruzados cristiáns, durante a Primeira Cruzada no asedio de Xerusalén. Ela vai asasinar ó soldado dormente Rinaldo, do que se namora.

Este óleo, quizais pintado en Guatemala, representa, creo eu, a Armida, á dereita segundo miramos a obra, e a Rinaldo, o novo soldado do que se namorou.

Un sueño jeroglífico de Caperucita Roja. O xeroglífico é un elemento dun sistema de escritura eminentemente pictórico, no cal as palabras non se representan como signos alfabéticos, senón que se debuxan con símbolos e figuras.

Este popular conto marca o contraste entre a vida na vila, un lugar seguro, e a posible experiencia perigosa no bosque. É un conto de advertencia. Penso que nesta obra de Granell a figura azul á dereita pode ser Carapuchiña, xa que sobre a "cabeza" leva un toque de cor vermella. As outras figuras ameazantes poden ser o coñecido lobo, quizais a figura verde debaixo da nena. A gran figura en amarelo que parece rodear a nena, xa que esta cor empeza á dereita do cadro e súmase á figura erecta en amarelo. Non esquezamos que cando Carapuchiña chega á casa da súa avoa non sabe que está foi substituída polo lobo.

O conto transmitíase oralmente, así que é imposible saber cantos cambios sufriu ao longo do tempo. Entre as varias versións está a de Charles Perrault, quizais o primeiro en escribir o conto (1697) e que utilizou para previr as nenas dos encontros con descoñecidos. Os irmáns Grimm (1812) escribiron a "versión máis inocente e con menos elementos eróticos".

El sueño diurno de Balso Snell. Granell inspirouse na primeira e curta novela do norteamericano Nathanael West, *The Dream Life of Balso Snell*. O novo protagonista atópase co cabalo de Troia e a única maneira que se lle ocorre para entrar no cabalo é a través do Anus Mirabilis. No interior, o mozo atopa unha serie de escritores en busca de audiencia. Segundo o propio autor, o propósito da novela é "unha proposta en contra de escribir libros". (Wikipedia)

El tren de Campoamor. Clara Campoamor Rodríguez (1888-1972). Foi unha política e feminista española que se dedicou a defender os dereitos das mulleres cando se escribía a Constitución de España en 1931, durante a República. Antes de que as mulleres tivesen o voto foi elixida na Asemblea Constitucional de 1931. Saíu no exilio durante a guerra civil española e morreu en Suíza no exilio. Agora está enterrada no cemiterio Polloe en San Sebastián. (Wikipedia).

El encuentro de Jules Laforgue con la reina de Alemania. Jules Laforgue (Montevideo 1860 - París 1887, aos 27 anos). É un poeta de orixe franco-uruguaia. Os seus pais mudáronse a París e en 1881 conseguiu o posto de lector de francés da emperatriz de Alemaña. (Wikipedia).

Xa vimos que a Granell lle interesaba o tema da cerimonia, dado que é un acto que nos humaniza. O poeta amósase en vermello e a raíña en azul no que pode ser un xardín se consideramos a árbore no fondo, tras o muro ante o cal están os personaxes do óleo. Daquela, a grama sobre a que están de pé insinúa un xardín. Foi pintado na época na que retornou á figuración. Moitos observaron que as figuras lles lembran as figuras do teatros de cartón que Granell tanto admirou de neno.

Tres construcións:

Hatsepsut. Foi a raíña que máis tempo reinou en Exipto. Filla, irmá e esposa de reis. Resultou ser unha raíña implacable. Tanto a súa liñaxe, como a súa educación e o seu grande entendemento da relixión, contribuíron ao seu éxito.

Las galas de Circe. Feiticeira da mitoloxía grega. Coa axuda de pocións, lograba que os seus inimigos esquecesen o seu fogar e, a través dunha variña máxica, transformaba en animais a quen a ofendía.

El encuentro solemne de Istar con Príapo el Joven. Istar era a deusa da fertilidade, do amor e do sexo na cultura asiria de Mesopotamia. Foi unha importante deusa desta cultura desde o ano 3500 a.C. ata a chegada do cristianismo.

Príapo pertence á mitoloxía. Era un deus menor da fertilidade, tanto da natureza coma de todos os animais relacionados coa vida agrícola. Tratábase dun personaxe puramente fálico e, de feito, era representado cun falo enorme. Nesta construción, penso que Príapo está representado pola terceira figura, que leva unha espada de dereita a esquerda. Asumo, sen sabelo certamente, que Istar é a figura á que está mirando, a cuarta de dereita a esquerda. Istar era quen gardaba o almacén que contiña os dátiles, a la, a carne e o gran necesario para vivir.

El verdadero retrato del bandido de Córdoba, óleo, e a construción *Ídolo cordobés.* A Granell atraíao este personaxe que xurdiu na España do século XIX, onde había moitas inxustizas e moita pobreza. Era unha maneira de tomar represalias contra os opresores. Houbo un bandoleiro andaluz, o Tempranillo. José María, o Tempranillo, actuaba en Lucena, Córdoba (1805 - 1833, Málaga). Descríbeselle como un "rebelde e liberal que actuaba na serra Morena".

Estes homes raramente traballaban sós, ían armados e dedicábanse ao roubo. Asaltaban os camiños perigosos nas montañas ou nos bosques.

Casanova de gala (construción). Casanova foi un aventureiro e escritor. O seu libro *La historia de mi vida* ofrece unha fiel visión das normas e costumes da Europa da súa época (século XVIII).

Dafne y Apolo vueltos árbol y tronco (metamorfose). Apolo era na mitoloxía grega o deus da arte e da música. Este mito pode lerse no libro *Metamorfose de Ovidio*. Eros anóxase con Apolo porque utiliza frivolamente o arco e a frecha. Como castigo, fere a Apolo cunha frecha de ouro. No momento do frechazo, unha ninfa, Dafne, pasa diante de Apolo e este namórase dela. Eros entón fere a Dafne cunha frecha de chumbeo esta, automaticamente, rexeita a Apolo.

El aprendizaxe de Dafne y Cloe. Estes dous personaxes de nenos son abandonados nun bosque e atópanse dúas parellas de pastores. Os nenos crecen xuntos e, cando chegan a maiores, tamén se namoran e chegan a casar.

Chamán. O chamán é unha persoa á que se lle atribúe a capacidade de modificar a realidade ou a percepción colectiva da tribo. Vive principalmente en civilizacións de cazadores e recolectores de Asia, África, América e Oceanía. A palabra é orixinal da lingua tungu de Siberia: shamán, que significa "o que sabe".

El construtor de tótem. O tótem é unha construción vertical e alta que ou ben está cuberta con debuxos ou está tallada con historias que lles interesan ás súas xentes. A palabra tótem ten a súa orixe na lingua Objibwe que se fala en partes de Canadá do Sur, así como en partes próximas aos Estados Unidos. Hai tótems familiares ou os que contan a historia de alguén que levou a cabo un acto non admirado. Hainos para celebrar a alguén ou tótems funerarios. Son unha maneira moi particular e persoal de lembrar algún acto.

Eugenio e Amparo viaxaron por Canadá e quedaron con ganas de obter un, pero o auto no que viaxaban era máis ben pequeno e non podía soportar o peso da construción no seu teito.